



Estimadas familias,

Saúdvos unha semana máis despois das pasadas vacacións cos desexos de que esteades o mellor posible e que podamos volver pronto á rutina tan desexada. Mándovos novas suxestións de actividades para que fagades, sempre de forma optativa.

Continuamos traballando sobre a primavera pero centraremos mais o noso traballo na importancia que teñen as plantas e flores para nosa vida , o crecemento das plantas , a obtención de froitos e a importancia do cuidado de medio ambiente.

A primeira proposta será **“TRABALLO NA COCIÑA”**

Visto o éxito que a cociña ten para eles/elas propoño facer estas actividades

1 Preparo o almorzo (zume de laranxa)

2 Facendo formas coas froitas

A PREPARAR O ALMORZO!!

Con esta idea queremos que os nenos e nenas sexan partícipes das tarefas do día a día na casa e ademais traballar moitos conceptos.

Así mentres preparamos o zume podemos:

- falar de que é un froito de tempada
- qué forma ten a laranxa
- o sentido do olor
- contar as laranxas que vamos precisar
- medir con unha laranxa se pode encher o vaso “moito” ou “pouco”
- repartir o zume en 3, 4 ou 5 vasos

- e ademais podemos gardar as pebidas para sementar!

Tamén podemos explicarlle aos nenos e nenas a importancia de tomar vitamina C para fortalecer as nosas defensas e que desaparezan os virus que nos fan tусir ou esbirrar.

Esperamos os vosos zumes!!

<http://aulasgalegas.org/facemos-zume/>

FACEMOS FORMAS COAS FROITAS

Nesta actividade continuaredes fomentando os bos hábitos de alimentación. A importancia de comer froita para estar nun estado saudable.

Podedes facer moitas receitas. Poñovos unhas mostras



Outra proposta podería ser relacionada co crecemento dunha planta, o que é necesario para que crezca (a luz solar e a auga..)

PLANTAMOS SEMENTES : MONECO CRECEPELO

Esta actividade es moi sinxela e divertida. Pasarán toda a semana vendo como crece o pelo ao seu moneco. Necesitaredes sementes, unha media ,un pouco de serrín e un pouquiño de paciencia. Móstrvos un vídeo explicativo

https://www.youtube.com/watch?v=uPIn_oBm9zU

Tamén unha imaxe como vos podería quedar



Outra actividade máis sinxela para experimentar o mesmo feito é coller un vaso e colocar un anaco de algodón mollado en auga no fondo do vaso, podedes meter unha o máis lentellas ou outra legume no algodón e así ir vendo como crece a vosa planta, os cambios que se producen nela...



Dentro das propostas de manualidades pódovos a seguinte lista. Collede a mais axeitada aos materiais cos que contades na casa.

ARAÑAS CON NÚMEROS



Con esta actividade ademais de facer unha manualidade cos nenos e nenas facendo o corpo das arañas e poñéndolle ollos, traballaremos o conteo pois lle poñemos pinzas como patas, tantas como o número da araña marca.

- **BOLOS DA SERIE NUMÉRICA**

A actividade consiste en utilizar rolos de papel hixiénico, os cales pintamos e lles poñemos números ata o 5 o máis. Cando teñamos todos os numeros podemos xogar aos bolos intentando pedir aos nenos/as que tiren a un número determinado e tamén que nos digan cal é o número que tiraron.



Este mesmo xogo podedes utilizalo para encestar, en cada un dos bolos , boliñas de papel ou plastilina... segun vai indicando o número.




- **XOANIÑAS CON PUNTOS**

Necesitades unha plantilla de unha xoaniña , puntos de cartulina ou de papel e números . Podedes hacer variedade delas poñendo en cada unha das ás os puntiños que elixades. Xogando, aprenden a sumar. Non é recomendable utilizar máis números que ata o seis.



- **DOMINÓ XEOMÉTRICO**

No cole traballamos as figuras xeométricas: círculo, cadrado e triángulo. Este dominó podémolo facer facilmente con anacos de cartón e as figuras poden ser gomets de figuras xeométricas ou pintadas.




- **ADORNOS PARA MI VENTANA**

Coa mesma idea de repasar as figuras xeometricas podeades facer como móstrovos na foto abaixo. Podeades introducir o rectángulo, ata agora na clase traballamos co cadrado,círculo e triángulo



- **COPIAMOS EL MODELO**

Esta actividade é entre outras cousas para mellorar a atención. Podeades darle o modelo coloreado e eles copialo coas pezas de construcción.



- **COMPLETAMOS AS CARITAS**

Nesta actividade podedes preparar con eles estas plantillas de caritas. Deben completalas co “pelo” (pinzas da roupa) , poñer tantas pinzas como o número que pon na plantilla.

Sería axeitado tamén que eles prepararan as cariñas indicandolles o que deben debuxar: os ollos, o nariz a boca. Repasarían así o traballado na clase no segundo trimestre



- **COMO SON EU?**

En liña coa actividade anterior e dado que no segundo trimestre que acaba de rematar estivemos traballando o corpo humano debemos seguir coa práctica do debuxo da figura humana. Así, para seguir mellorando, imos debuxarnos a nós con algún familiar, compañeiro/a e intentaremos escribir o seu nome.

Poñede título ao debuxo “O meu amigo/a e eu” “A miña nai/pai e eu”...”A miña avoa/avó e eu” ...Eles/as poderán poñer o seu nome e tamén o nome de quen haxa debuxado (eso sí, con axuda) Así, ademáis de traballar o corpo humano tamén traballamos a lectoescritura.




- **A ESCRITURA CAS MAS**

Unha forma divertida de traballar a escritura das letras é facéndoo cos dedos e con arena, sal, azucre... Co dedo farán a forma da letra que lle pidamos (a inicial do seu nome, o a dun compañeiro/a) Podedes tamén apoiar a escritura das letras co conto de “PEPITA E MIGUEL”

Deixóvos o conto abaixo , tamén deixarevosllo como anexo desta semana para que o repasedes con eles.



Pepita y Miguel
pps.ppt



- **FICHAS DE DIFERENTES CONCEPTOS**

Como fixemos a anterior semana, adxuntareivos outro anexo con fichas para traballar diferentes conceptos (números, letras, atención etc...)

TRABALLANDO A MOTRICIDADE FINA

A motricidade fina dos pequenos e pequenas podemos traballala con actividades tan sinxelas coma esta na que pegamos uns macarróns nun anaco de cartón ou mesmo nunha cartolina. Os nenos e nenas deben meter un cordón polos buratos dos macarróns.




Ademais da páxina recomendada a semana pasada, na que aparecen moitas actividades con palliñas para traballar a motricidade fina; Déixovos aquí o enlace a outra páxina similar que utiliza diversos materiais caseros cos que poden desenrolar a súa motricidade fina “15 IDEAS PARA DESARROLLAR A MOTRICIDADE FINA”

<https://www.youtube.com/watch?v=9oHq-joy22w>

Tamén vos quero recomendar algúns contos para traballar nesta semana. Lembrar que é moi importante o traballo do conto a diario. Podedes facer algunha actividade a partir da súa lectura como debuxos o falar da historia ou calquera outra que se vos ocorra

LA PEQUEÑA ORUGA GLOTONA




<https://www.youtube.com/watch?v=h6HRpwcl9gg>

Este conto repasa os días da semana, ten unha lectura moi entretenida e vese a evolución da ouruga a bolboreta. Espero que lles guste


Outro conto recomendado para esta semana para tratar o tema das emocións

MIS PEQUEÑOS MIEDOS



Enlace para velo: <https://www.youtube.com/watch?v=5UxILI2m-DM>. Este conto ten a mesma protagonista que “Así es mi corazón”, recomendado a pasada semana

Facíltovos este parchís do monstro de cores que ben coñecen todos/as así lembran o conto e falan un pouco das emocións. Tamén é un bo xogo de mesa.



Por último, lembre traballar tamén a relaxación e coidar este aspecto a través de algúns exercicios como estes .Preséntovos aquí unhas ideas de posturas de ioga.



Lembre seguir as orientacións xerais dadas nos primeiros días de confinamento, sobre todo as rutinas xa que lles axudan moito e tamén seguir a orde das especialidades cando tocan.

Esperamos que todas estas suxestións vos sirvan de axuda nestes días e recordarvos que podeades seguir tamén coas orientacións mandadas as anteriores semanas. A próxima semana enviareivos máis suxestións coa confianza de que pronto podamos seguir coa actividade nas aulas!!

Un saúdo.

Elena.